



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN
EXPEDIENTE: PCO.001.2024.00022

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EDICIÓN, PUBLICACIÓN, DISTRIBUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA “CATRO EXEMPLOS DA “ARTE DEXENERADA” GALEGA FÓRA DA ESPAÑA SAUDABLE”, DE BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS, GAÑADORA DO XIV PREMIO “MANUEL MURGUÍA” DE ENSAIO, DO ANO 2023. PCO.001.2024.00022.

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 08 de febreiro de 2024 e de Prescricións Técnicas, asinado polo Servizo de Acción social, Cultural e Deportes en data 18 de xaneiro de 2024, para a contratación dos servizos de edición, publicación, distribución e explotación da obra ""Catro exemplos de “arte dexenerada” galega fóra da españa saudable”, de Blanca Paula Rodríguez Garabatos, gañadora do XIV premio “Manuel Murguía” de ensaio do ano 2023, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

1.1.1. Tipo de contrato: servizos

1.1.2. Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: O prazo de vixencia da cesión dos dereitos será ata o 31 de xaneiro de 2025, polo que o prazo de execución do contrato comprenderá o período necesario para a publicación, distribución e explotación da totalidade dos exemplares que sexan editados ata o 31 de xaneiro de 2025, desde a realización da tirada ou tiradas correspondentes ata a venda de todos os exemplares que as compoñen.

1.3. Orzamento: Ao tratarse dunha cesión gratuíta de dereitos, o presente contrato non ten repercusión económica para a Deputación.

2. Dispor que o referido contrato adjudíquese mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.